



III / CONGRESSO /  
INTERNACIONAL /  
Δ / FENDA / DIXITAL /  
TIC / ESCOLA / E  
DESENVOLVIMENTO  
LOCAL /

ISBN 978-972-99174-6-2

N. DL:	352108/12
Nome fornecedor:	ESCOLA SUPERIOR DE EDUCAÇÃO DE PAULA FRASSINETTI
Título:	Fenda Digital:TIC, Escola e Desenvolvimento Local
Autor:	Xosé Manuel Cid Fernández, Xesús Rodríguez Rodríguez, Daniela Gonçalves (coord.)
Tipo:	Monografia
Editor:	Escola Superior de Educação de Paula Frassinetti (ESEPF)
Local de Publicação:	Porto
Data prevista de publicação (mês/ano):	11/2012
Nº de Edição:	1ª edição
ISBN:	978-972-99174-6-2
Estado:	Atribuído
Atribuído em:	2012-11-22
Criado a:	2012-11-22
Tiragem:	100
Com suporte electrónico:	CD

# Índice

Fenda digital ou fenda educacional?.....	5
As TIC no Mundo Rural: Unha Lenta Incorporación.....	15
Mapa Digital Interativo ao Serviço da Intervención Comunitária.....	21
O Papel Fundamental das Novas Tecnologias no Medio Rural.....	29
Computación na nube. Unha experiencia innovadora en escolas rurais de Galicia.....	32
Rádios web escolares — Andaimes Cognitivos Processos metacognitivos e de autorregulación das aprendizagens.....	42
Projeto NEPSO – Escola Opinião .....	53
O Futuro está na Rede?: Reflexións dende o ámbito local na Galicia do século XXI .....	56
A (in)visibilidade das redes sociais no ambiente interno das instituições educativas.....	63
Blog para a Biblioteca Escolar – articulação com comunidade escolar .....	69
<b>En Rede... O Educativo e o Comunitário no Barrio de Fontiñas (Santiago de Compostela)</b> .....	73
Tutoria Digital na Supervisión Educativa de Comunidades de Práticas.....	81
Formar para Inovar, Inovar Formando com TIC.....	91
O Projeto Fenix e as TIC .....	99
A contribución das TICs para o Desenvolvimento Local en Galicia .....	101
As redes sociais e mundos virtuais para ligação à comunidade e concretización das aprendizagens..	109
As redes sociais para o ensino: possibilidades e limitações .....	117
Una aproximación teórica a las “buenas prácticas” docentes en entornos virtuales de E-A en la universidad.....	125
Aproximación al patrimonio lúdico tradicional a través de los recursos audiovisuales digitales .....	134
E-learning: unha oportunidade para o desenvolvimento local.....	140
Pensar a (Re)Integración das Tecnologias na Educação.....	147
TIC na formação de um educador social: relato de um percurso formativo .....	153
Alcance de la brecha digital en los estudiantes universitarios españoles.....	159
Quadro Interativo Multimédia e a “Nova” Fenda digital na Aprendizagem no Ensino Básico.....	170
As ferramentas Web 2.0 como um contributo para o sucesso escolar.....	178
Exemplos de boas práticas no contexto do ensino profissional e alunos com N.E.E.....	178
Biblioteca Escolar e Web 2.0 Questões em torno de algumas práticas em implementação e percepción do impacto no trabalho da biblioteca.....	186
Unha rede social para favorecer o pensamento crítico na aula de matemáticas .....	196
“Sucesso Educativo em Banda Larga” – integración das TIC na escola: um plano de intervención no Agrupamento de Vila Verde.....	206
O plano tecnológico da educação nas escolas do concelho de Celorico de Basto: A perspetiva dos professores .....	217
Oportunidades encontradas com a utilização das TIC e problemáticas atribuíveis à fenda digital nos alunos do Campus de Ourense.....	230

# En Rede...

## O Educativo e o Comunitário no Barrio de Fontiñas (Santiago de Compostela)

---

**Maria Dolores Sanz Lobo**

orientadora do IES Antonio Fraguas (Santiago de Compostela). Membro de Stellae. USC  
[lolasanz@edu.xunta.es](mailto:lolasanz@edu.xunta.es)

**Eva María González Santiago**

traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela)  
[egonzalezs@santiagodecompostela.org](mailto:egonzalezs@santiagodecompostela.org); [passfontinas@santiagodecompostela.org](mailto:passfontinas@santiagodecompostela.org)

---

### Resume

Neste artigo formúllase unha clara aposta polo traballo socioeducativo en rede. A intervención coordinada de servizos, programas, recursos e entidades nun territorio, neste caso, o barrio compostelán de Fontiñas, permite lograr un desenvolvemento comunitario que repercute positivamente na cidadanía e na convivencia. A idea dun barrio que educa, máis aló da institución escolar, supón compartir problemas e buscar soluciones, partir dunha realidade (que é vivida pola cidadanía) e chegar a obxectivos comúns. A comunicación permanente entre tódalas institucións educativas, sanitarias e sociais é o principal instrumento para garantir unha coordinación real e efectiva. A “presión das necesidades” require axilidade, polo que cómpre prestarlle especial importancia á utilización das novas tecnoloxías, como ferramentas que potencian o traballo comunitario en rede. Esta forma de proceder perfilase como un camiño innovador, eficaz e sólido, que arroxa resultados moi positivos ata o momento.

---

### Palabras Clave

Traballo en rede, rede virtual, desenvolvemento comunitario, participación social, intervención socioeducativa, convivencia e diversidade, cidadanía e barrio.

---

### Introducción. Situándonos

Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten más que cumplida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación e que pouco a pouco vai reforzando o sentimento de pertenza dos seus moradores. Falar de Fontiñas é falar de xuventude como sinónimo de forza. É falar de diversidade como sinónimo de enriquecemento persoal e social. En definitiva, dificultades, si; potencialidades, tamén.

Fontiñas aparece no contexto xeral do termo municipal de Santiago de Compostela, cunhas características “privilexiadas”, que determinan e condicionan a súa importancia como barrio. Está perfectamente delimitado, cun notorio volume de poboación que se aproxima ós 10.000 habitantes e dotado dos recursos básicos a nivel social, educativo e sanitario, o que facilita o día a día das súas veciñas e veciños. A súa extensión xeográfica reducida engloba, pola contra, unha elevada densidade poboacional (1614 habitantes/km<sup>2</sup>)

propia dun hábitat sumamente concentrado. Estamos a falar dunha "cidade en pequeno", con vida propia. (González et al., 2012)

Pero se hai unha palabra que o define, esta é "diversidade". (Ver gráfico nº 1). Diversidade en canto á distribución poboacional do barrio (eminente novidade, pero no que vai irrompendo con forza o colectivo de persoas maiores); diversidade social condicionada pola configuración urbanística do barrio (influído polo importante número de vivendas de promoción pública existente, por cohabitar persoas e familias de distinto nivel formativo, cultural e socioeconómico); diversidade étnica e cultural do barrio que reforza a súa pluralidade (importante presenza de persoas doutras nacionalidades e tamén, das pertencentes ó pobo xitano). Finalmente, non podemos esquecer a súa accesibilidade (cumprimento da lexislación en canto á reserva de vivendas adaptadas para persoas con recoñecemento de discapacidade, importante número de veciñas e veciños en situación de dependencia, etc.)

En definitiva, un conglomerado social que vai condicionar inevitablemente a intervención que se realice dende as distintas institucións públicas e entidades sociais. Para nós, obviar a realidade social sería sinónimo de intervencións obsoletas e ineficaces.

Grafico nº 1: Síntese da realidade social do barrio de Fontiñas.



Fonte: González Santiago, E. M. e Sanz Lobo, D. Presentación realizada na I Xornada de atención á Diversidade, celebrada en Coruña, o 21 de marzo de 2012.

Polo tanto, estes factores que poderían semellar unha situación comunitaria carencial importante, deben ser adecuadamente traballados para convertelos en "potencialidades", en enriquecemento persoal e comunitario. Porque ademais, Fontiñas é un barrio plural na dotación de recursos e servizos, pluralidade que suma forzas no quefacer diario a través dun traballo en rede permanente. A xuventude dos moradores de Fontiñas e a heteroxeneidade das súas veciñas e veciños esixen ós profesionais que estamos presentes na zona, un traballo distinto, que non obvie o asistencial, pero que aposte polos cambios sociais, en beneficio dunha convivencia positiva, e cun obxectivo permanente: a non duplicidade de recursos e, en consecuencia, a rendabilización dos mesmos ó máximo.

## Metodoloxía. Cómo é o Nosso Traballo en Rede

O desenvolvemento comunitario establecése como unha acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social do barrio de Fontiñas, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, trata de organizar o proceso evolutivo dunha comunidade territorialmente ben delimitadas e dunha poboación-objektivo, coa participación activa dos interesados. É, pois, un proceso que vai encamiñado a acadar o benestar social da poboación do barrio, facendo que esta interveña de forma directa na solución dos seus problemas. Trata de dar pulo á capacidade de tódolos individuos para intervir na propia comunidade e fomentar a participación activa e consciente en tódolos procesos que requiran a súa responsabilidade, como é a solución daqueles problemas que lles afectan. Refíctese no gráfico nº 2.

Gráfico nº 2: Dimensóns do Traballo Social comunitario.



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), outubro 2011.

O desenvolvemento comunitario na zona (orixinado a finais da década dos noventa) parte do quefacer diario, do traballo a pé de obra dun grupo estable, sólido e cohesionado, cun enfoque interinstitucional e interdisciplinar. Esta rede, que entre nós chamamos informalmente “xuntanzas de barrio” impulsada basicamente por profesionais de distintos ámbitos, foise dotando progresivamente de rigor técnico, de constante reflexión e revisión crítica, de modo que, cun enfoque “indutivo”, que nace dende a “praxe”, foise chegando a sucesivas elaboracións teóricas que de novo, reorientaban e conducían a nosa intervención na práctica, nun constante camiño de ida e volta. Esta complexa, pero rica bitácora propicia ademais a aprendizaxe e a formación en metodoloxías participativas e de traballo comunitario dos seus membros (Sanz et al., 2011).

Gráfico nº 3: Fins do desenvolvemento comunitario no barrio compostelán de Fontiñas.



Fonte: II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), Outubro, 2012. Mais información en: [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)

Esta é a base do desenvolvemento comunitario que se ven levando a cabo no barrio de Fontiñas dende hai mais de catorce anos. A práctica diaria condiciona o labor de tódolos profesionais do barrio, que son capaces de atopar puntos de encontro, estratexias de intervención coordinadas, momentos para a reflexión conxunta, tempo para o deseño dunha actuación en rede, con fins comúns e obxectivos medibles. En definitiva, o procedemento sempre foi o que se recolle no gráfico seguinte:

Gráfico nº 4 : Proceso do Traballo Comunitario.


Traballo Comunitario		
IDENTIFICACIÓN DO PROBLEMA	DETERMINACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN	IMPLEMENTACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer a realidade social</li> <li>• Determinar aspectos positivos e negativos</li> <li>• C o o r d i n a c i ó n interinstitucional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración plannig actividades</li> <li>• Establecer obxetivos operativos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Execución</li> </ul>
Coordinación		

Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), outubro 2011.

O conxunto de entidades participantes que foi aumentando “en cascada” e a abordaxe de aspectos e temas moi diversos propiciaron esta organización complexa que queda reflectida no gráfico 5, onde vemos claramente como un grupo de entidades forman parte permanente da rede desde o principio e para todas as

accións. Non obstante, o carácter aberto e flexible fai que, en moitas ocasións, determinadas organizacións se incorporen ás xuntanzas de barrio ou que formen parte do tecido da rede dun xeito indirecto, pola súa presenza en institucións ou servizos permanentes.

Gráfico nº 5: Organización das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas.



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), outubro 2011.

Garantir a comunicación interna de tódolos integrantes das Xuntanzas de Barrio non é sempre doado, pois débense conxugar os “tempos profesionais” de cada quen. Na historia do noso grupo, hai un momento no que irrompe o correo electrónico, evidentemente, como na vida de todos nós. Aínda así, ás veces, non resultaba fácil compartir unha información, construír colaborativamente un documento, difundir unha actividade... Por iso, podemos falar dun paso adiante no noso traballo en rede, coa incorporación das TIC, alá polo ano 2009 cando xa se considerara a necesidade de utilizar as TIC para todo isto. Creamos un grupo de traballo dentro de googlegroups para o barrio de Fontiñas. A formación de usuarios foi totalmente horizontal, case autodidacta, nunha aula cedida polo instituto e coa axuda dos membros más avezados no seu uso.

A nosa hipótese explicativa é que nese momento, o grupo acadou un grao máis de madureza e polo tanto, a rede xa consolidada e estable no seu funcionamiento con momentos e espazos de encontro presenciais entre os diferentes técnicos, sentía a necesidade de mellorar co emprego dunha ferramenta que propiciase os encontros en tempos e espazos virtuais. É dicir, a rede virtual sumábase como un entorno eficaz e eficiente á rede existente, sen substituíla en ningún caso. Porque máis que crear algo novo, ás veces é artellar dun xeito creativo, con outra perspectiva, o que xa se ten (Civís e Riera, 2007).

Ao ano seguinte, a entón Concellería de Benestar Social de Santiago de Compostela oferta a posibilidade de “constituirse como grupo ou rede” dentro da web COMPOSTELAINTEGRA. O uso desta web permite non só o traballo e a comunicación interna de tódolos profesionais do ámbito educativo, sanitario e social do barrio, na súa intranet, senón que tamén ofrece a posibilidade de converterse nunha “fiestra” cara ó exterior, para informar á ciudadanía de tódolos recursos cos que contan para mellorar a súa calidade de vida e, incluso, a outros profesionais, sobre os proxectos que se están a desenvolver na zona, cun enfoque comunitario amplamente consolidado. Os elementos habituais neste tipo de webs (agenda, novas, eventos...) súmase unha parte que nós consideramos moi importante: o apartado de documentación, no que poder “colgar” as publicacións e aportacións do grupo. Aínda así somos conscientes de que precisa de melloras

que polo de agora non están nas nosas mans asumir. Tal é o caso do material multimedia (vídeo, audio etc.).

Gráfico nº 6: [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)



Fonte: [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org), 2012.

Concebimos a nosa rede comunitaria como flexible e ben artellada no sentido de que cada quien coñece as súas funcións e competencias e se implica no espazo colaborativo común, de xeito non competitivo senón complementario, nunha estrutura non xerárquica. Pero ademais é unha rede formativa na que todos podemos aprender de todos.

A pluralidade de espazos, de tempos e de axentes implicados, maila súa complexidade, é fonte dunha idea compartida, aberta e flexible de educación e de convivencia. O espazo que brindan as TIC é para nós unha verdadeira oportunidade. Facendo nosas as palabras de Montero et al. (2007: 419) pensamos que as “oportunidades que ofrecen para con elas potenciar unha escola aberta ao mundo, e colaborar en facer deste un lugar más democrático, xusto, solidario...son enormes”.

## Algunxs Resultados ata Hoxe

Neste longo camiño, o traballo en rede que se está levando a cabo desde o ano 1998 repercutiu favorablemente no benestar do barrio. Podemos sinalar de foma máis concreta algunxs resultados evidentes:

- \_ Melloramos o grao de asistencia dos menores do barrio aos centros educativos, considerando que facer real e efectivo o dereito á escolarización é un aspecto fundamental para contribuír ao desenvolvemento óptimo das persoas e a fomentar a igualdade de oportunidades (Sanz et al, 2009, González et al. 2012)
- \_ Incrementouse o grao de información que a cidadanía ten dos distintos servizos cos que pode contar para mellorar a súa calidade de vida, a través da elaboración e publicación dunha guía, xa na súa segunda edición, dunha páxina web e dun xornal de barrio. Máis información en: [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)
- \_ A calidade de vida da veciñanza mellorou facendo un uso máis eficiente dos recursos existentes e mesmo coa creación de novos programas (educación de rúa, mediación escolar...)
- \_ Fixérонse programas cos colectivos máis vulnerables da nosa comunidade: proxecto municipal Esqueira, traballo coa comunidade xitana, etc. (Sanz et al 2012)
- \_ Traballouse co colectivo de maiores e cos que se atopan en situación de dependencia.
- \_ Algunhas celebracións incidiron claramente na convivencia desde o respecto á diferenza: actividades deportivas cos nosos rapaces e rapazas, actuacións de música e baile de Kamelamos guinar (“queremos contar a través do flamenco”), concesión do Premio Europeo de Arquitectura Philippe Rothier-2008.

- \_ Participamos en mesas redondas, xornadas, congresos, publicacións.
  - \_ Non faltaron as entrevistas e as xuntanzas con diferentes responsables técnicos e políticos de distintos ámbitos.
- 

## Conclusións

Finalmente só resta dicir que no relativo ao traballo comunitario en rede, o máis significativo é que a presenza de tantas e tan diversas persoas e entidades produce unha intervención rica e creativa, pois as múltiples ópticas permiten abordar os problemas dun xeito integral, desde puntos de vista diferentes, pero que se encontran, facendo tamén máis doado atopar as solucións: compartimos problemas, pero tamén solucións.

En relación ó tema que nos reúne neste congreso, só dicir que a nosa rede do barrio non só é unha fiestra cara ó exterior no que presentar o que facemos, senón un espazo de traballo colaborativo no que medrar como profesionais e persoas. En definitiva unha rede que tece pontes. Nunca unha fenda.

---

## Agradecimentos

Desexamos rematar estas páxinas facendo un recoñecemento a tantas e tantos compañeiros cos que temos o gusto de traballar no día a día, cos que compartimos “esforzos”, “traballo”, pero tamén “logros e ledicias”. Recoñecemento por un traballo coordinado, intenso, non exento de problemas, pero tamén de consecuencias de obxectivos. Un traballo brevemente exposto nestas liñas e no que nós nos convertemos, hoxe, na súa voz.

Á poboación do barrio de Fontiñas, verdadeiros artífices dunha comunidade.

Moitas grazas tamén á organización pola posibilidade de participar neste encontro, que supón un intercambio de experiencias e unha posibilidade de aprendizaxe.

---

## Referencias Bibliográficas

- Civís, M e Riera, J. (2007) La nueva pedagogía comunitaria. Valencia. Nau Libres.
- González Santiago, E., Viqueira Pérez, M. A. J., Sanz Lobo, M. A. D. (2012) Proxecto de intervención comunitaria en materia de absentismo escolar. A Coruña. Deputación de A Coruña.
- Montero et al (2007): O valor do envoltorio. Vigo. Xerais.
- Sanz Lobo, M. A. D., González Santiago, E., Viqueira Pérez, M. J., Sixto Solar, B., González Garrido, C (2009) “[Faltan a clase, ¿que hacer?](#)”. Revista Galega de Educación, nº 43 pp.93-101. Dispoñible en <http://www.compostelaintegra.org/multimedia/documento.php?id=2&lg=gal>
- Sanz Lobo, M. A. D., González Santiago, E., Viqueira Pérez, M. A. J., González Garrido, C. (2012) “Igualdade de trato y cultura gitana: retos y actuaciones en el barrio de Fontiñas” en Méndez Lois, M. A. J. e Taboada Lorenzo, C. (coords.) Igualdade de trato: retos e respuestas socioeducativas. Universidade de Santiago de Compostela/ICE, pp. 73-100.
- Sanz Lobo, M. A. D.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J. (2011). “As Fontiñas, un barrio que educa para a convivencia” Revista Galega de Ensino, EDUGA, nº 62 <http://www.edu.xunta.es/eduga/opinion/fonti%C3%B1as-un-barrio-que-educa-para-convivencia>
- VV.AA. (2010) <http://www.compostelaintegra.org>. Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela
- VV.AA. Guía As Fontiñas: entidades de servizo a cidadanía. Concello de Santiago de Compostela. 1ª ed. 2005; 2ª ed. 2010.